

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 30 de marzo de 2015

HORA DE COMEZO: 14:00 h.

HORA DE REMATE: 14:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D. Jesús Manuel Graña Graña.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 2 de marzo de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 26 DE MARZO DE  
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE  
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

EXPEDIENTE Nº 25.181.- A Maria del Pilar González Martínez, para en Cunchido de Arriba 29 - Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, reformar unha vivenda en 48,67 m<sup>2</sup> de planta baixa e ampliála en 105,89 de primeiro andar, de conformidade co proxecto do arquitecto Rodrigo Curras Torres, visado con data 21 de agosto de 2.014 e documentación modificada incorporada o expediente o 2 de febreiro de 2.015, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 23 de marzo de 2.015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 752,20 euros.

\*\*\*

## 2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.050.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JAIRO RODRIGUEZ ESQUINA.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 25 de marzo de 2015, acordou:

a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Jairo Rodríguez Esquina, para vivenda, sita en Romarigo - Coiro, construída o abeiro da licenza municipal Nº 23.040.

b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.341.- Maria Luz Nogueira Calvar, muro de manipostería de 40 cm. de alto completado con vexetación ata 2,00 metros, en Punta Couso - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.392.- GAS GALICIA S.D.G. S.A., canalización de gas en Benigno Soage 1 - 3 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.412.- Francis M. Martinez Ñores, Reparación de cuberta en Oriente 5 - Cangas.

### **SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

#### **4º.- PROPOSTAS DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

##### 4.A) PROPOSTA DE ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 25.3.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse os informes correspondentes para:*

*\* CONCESIÓN DE SAF pola quenda de dependencia do expediente nº 6008/02/000997-46425."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

##### 4.B) PROPOSTA DE ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 25.3.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse os informes correspondentes para:*

*\* CONCESIÓN DE SAF pola quenda de dependencia do expediente nº 36008/01/000219 - 43045."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

### **5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/CONCESIÓN DE PRÓRROGA DE CONTRATO DE CESIÓN DO DESPACHO "B" DO VIVEIRO DE EMPRESAS**

Dáse conta de proposta do día 25.3.15 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a concesión de prórroga de contrato de cesión do despacho "B" do viveiro de empresas, que é como segue:

*"PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PRÓRROGA DE 6 MESES DE DURACIÓN DO CONTRATO ASINADO COA EMPRESA 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', ADXUDICATARIA DO DESPACHO 'B' NO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS*

*Vista a solicitude de prórroga de duración do contrato de adxudicación do despacho 'B' do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, formulada por Andrés Romero Martínez, en representación da empresa 'Bitgali Enxeñería, S.L.L.', con CIF B94093424 do día 18 de marzo de 2015, rexistro de entrada no concello número 3.425 do día 19 de marzo de 2015, motivada con base na carga de traballo que actualmente presenta esta empresa.*

*Visto o documento de formalización do contrato administrativo de cesión de uso do citado despacho 'B', do día 10 de abril de 2014, que na súa cláusula segunda fixa a duración da cesión do despacho dun ano (que se entende neste caso do 10.04.2015 ao 09.04.2015), e prevé a prórroga deste na forma establecida na cláusula segunda do prego de adxudicación dos despachos do viveiro de empresas de servizos.*

*Vista a cláusula segunda do prego de adxudicación que prevé o establecemento dunha prórroga de 6 meses de duración a contar desde a data de finalización do prazo contractual, que deberá ser feita de forma expresa, previa solicitude motivada dos adxudicatarios.*

*Vista que a concesión desta prórroga solicitada pola empresa 'Bitgali Enxeñería', cumpre cos obxectivos de promoción da actividade empresarial establecidos para o funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Cangas.*

*Pola presente solicito á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Conceder prórroga de 6 meses de duración ao contrato do día 10.04.2014 para a cesión do despacho 'B' do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, concedido á empresa 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', con CIF nº B-94093424, que se estendería a partir da data de finalización deste, todo iso de acordo co establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexeron esta contratación.*

*Segundo.- Notificar a 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', a concesión de dita prórroga.*

*Terceiro.- Solicitar a 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', xustificante de suscripción de póliza de seguro de responsabilidade civil polo período temporal correspondente á prórroga, segundo o establecido no punto 22 da cláusula 17ª do prego."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a concesión de prórroga de contrato de cesión do despacho "B" do viveiro de empresas.

## **CONTRATACIÓN**

### **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓNS EN SAN ROQUE"**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 25.3.15, referente a adxudicación da obra "PAVIMENTACIÓNS EN SAN ROQUE", que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA 'PAVIMENTACIÓNS EN SAN ROQUE'*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Pavimentacións en San Roque'.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'Construcciones, Obras e Vías, S.A.', con CIF nº A36008886, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de SEIS MIL SEISCENTOS CORENTA EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (6.640,17 €) en forma aval bancario.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'Construcciones, Obras e Viais, S.A.', con CIF nº A36008886, o contrato de obra 'Pavimentacións en San Roque-Darbo', por importe de CENTO SESENTA MIL SEISCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS (160.692,07 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:*

*• Melloras ofertadas:*

- o 200 m<sup>2</sup> de pavimento M.B.C. Tipo D-12 6 cm.*
- o 200 m<sup>2</sup> de fresado Pav. Asfáltico de 5 cm.*
- o 2 ud. de realce de tapas*
- o 60 ml de marca vial de 10 cm.*

*• Prazo de execución: 45 días naturais.*

*• Ampliación do prazo de garantía: 6 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 18 meses.*

*Segundo.- Dispoñer en contía de CENTO SESENTA MIL SEISCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS (160.692,07 €), o gasto que para este concello representa a mencionada contratación con cargo á aplicación 453.639 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.*

*Terceiro.- Notificar a 'Construcciones, Obras e Viais, S.A.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

*Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.*

*Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como á directora de obra."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a adxudicación da obra "PAVIMENTACIONES EN SAN ROQUE".

## **PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

## **7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 OFICIAL E 2 PEÓNS ELECTRICISTAS**

\*\*\*

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Existindo no momento actual a necesidade de acometer obras na rede eléctrica e servizo de alumeadado municipal que non poden ser efectuados cos electricistas que están integrados no cadro de persoal municipal é preciso proceder a contratación temporal de 1 oficial e 2 peóns electricistas que posibiliten levar adiante estas actuacións puntuais.

Visto que existe crédito suficiente para acometer as contratacións sinaladas como queda de manifesto no expediente.

Tomando en consideración a proposta de resolución da Concelleira de Persoal de data 10 de marzo de 2014 e tendo en conta que non se poden demorar a contratación de persoal para conseguir que as actuacións previstas estean rematadas antes do inicio do verán evitando as molestias e dificultades que implican acometer actuacións como a proxectada co aumento notorio de poboación que se produce no noso Concello durante a época estival cómpre convocar o proceso selectivo sen demora sendo necesario avogar a competencia delegada por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 16.06.2011 para aprobar as bases de selección, competencia que inicialmente corresponde a esta Alcaldía segundo o disposto na normativa en vigor, en particular o artigo 21.1.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co disposto nos artigos 13 e 14 da Lei 30/1992.

En consideración ao anteriormente exposto RESOLVO:

PRIMEIRO: Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de 16.06.2011 para aprobar as bases de selección citadas.

SEGUNDO: Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de un oficial electricista e dous peóns electricistas. Bases que acompañan como anexo a presente proposta de resolución.

TERCEIRO: Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda á contratación das persoas seleccionadas.

CUARTO: Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.

QUINTO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

Así o dispoño, en Cangas, a trece de marzo de dous mil quince.



O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

## ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 OFICIAL ELECTRICISTA E 2 PEÓNS EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO DE TRES MESES.

### PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de un oficial electricista e dous peóns electricistas para prestar servizos no Concello de Cangas.

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade de acumulación de tarefas cunha duración de tres meses a contar dende a data da súa sinatura, en réxime de xornada completa e coas retribucións correspondentes a súa categoría. Á persoa seleccionada seralle de aplicación o Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

O sistema de selección será o de oposición libre.

### SEGUNDA- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido nas bases para ingresar na praza, o día en que remate o prazo de presentación de instancias. Estar en posesión da titulación esixible para o grupo C2 (graduado escolar, FPI ou equivalente) para o posto de oficial electricista non requiríndose titulación académica específica (DA 7ª EBEP) para o posto de peón electricista.
- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- g) Ter ingresada a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal 8,52 euros para a selección da praza de oficial electricista e 5,33 euros para as prazas de peón electricista.

h) Estar en posesión da condición de demandante de emprego que se acreditará mediante a presentación xunto coa instancia da tarxeta de demandante de emprego en vigor.

#### TERCEIRA – PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.

As presentes bases estarán expostas o publico no taboleiro da anuncios do Concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións, ademais de ser publicitada a convocatoria na páxina web do Concello [www.cangas.org](http://www.cangas.org).

De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo irán dirixidas á Alcaldía do Ilmo. Concello de Cangas, e entregadas no Rexistro Xeral durante dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria, en horario de atención ao público, sinalando a referencia OFICIAL ELECTRICISTA ou PEÓN ELECTRICISTA e facendo constar o cumprimento da base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se acredite documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base oitava. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

Xunto coa instancia presentarse o resgardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia simple do DNI e da tarxeta de demandante de emprego en vigor.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

#### CUARTA – ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación da documentación requirida nas bases segunda e terceira, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, que será exposta no Taboleiro de Anuncios deste Concello, para os efectos de presentar as reclamacións que se consideren oportunas. Os

aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello o no prazo máximo de tres días hábiles a contar dende o remate do prazo de emenda.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

#### QUINTA . TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros, A composición efectiva do tribunal, así como a data de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ó proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección. O Tribunal quedará integrado ademais polos respectivos suplentes. Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes indistintamente, deles polo menos deberá contar coa presenza do Presidente e mailo Secretario.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

#### SÉXTA – SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será por oposición libre.

#### SÉTIMA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACION

O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

#### PROBA DE OPOSICIÓN.

A proba da oposición consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos e ferramentas propios de cada praza. Neste exercicio valorarase a correcta resolución dos supostos propostos e a aplicación dos coñecementos propios do posto á resolución final do mesmo.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. O Tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

#### OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL

A puntuación máxima da proba de oposición será de 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para non resultar eliminado do proceso selectivo.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase mediante a realización de unha serie de preguntas polo Tribunal aos aspirantes empatados. De persistir o empate dirimirase mediante sorteo.

O Concello de Cangas procederá á contratación laboral temporal do candidato que acade a maior puntuación, previa acreditación por parte deste do cumprimento dos requisitos da base segunda. En caso de non presentar a documentación requirida dentro do prazo máximo fixado para a formalización do contrato, entenderase que renuncia expresamente á praza, procedendo como se indica a continuación.

O contrato asinarase no prazo máximo de sete días hábiles a contar dende a data de publicación da lista definitiva de puntuacións do proceso. En caso de que un posto de traballo permaneza vacante pola renuncia dun candidato seleccionado, aquel poderase cubrir previa resolución en tal sentido ditada pola Alcaldía, de forma correlativa, polos aspirantes que obtivesen a seguinte puntuación na lista definitiva do proceso selectivo que superasen as puntuacións mínimas establecidas.

#### NOVENA.- CARACTER DAS BASES E INCIDENCIAS.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ó Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### DECIMO.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos

e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro."

\*\*\*

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE BALNEARIOS DIURNOS "COIDARTE 2015" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

Dáse conta de proposta do día 12.3.15 da concelleira de servizos sociais, sanidade e muller, referente a solicitude de adhesión ao programa de balnearios diurnos "COIDARTE 2015" da Deputación Provincial de Pontevedra, que di o seguinte:

*"PROPOSTA PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE BALNEARIOS DIURNOS 'COIDARTE 2015' DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA*

*Dolores Gallego Santos, concelleira de servizos sociais, sanidade e muller do Ilmo. Concello de Cangas*

*EXPÓN:*

*Que o BOPPO de 11 de marzo de 2015 publica a convocatoria para a adhesión dos concellos que así o soliciten ao programa 'Coidarte 2015' promovido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra. Este programa oferta balnearios, spas e talasos a prezos reducidos, cunha subvención de 35 euros/praza da Deputación, e de 10 euros/praza dos concellos adheridos. Os/as beneficiarios/as desfrutarán de 5 tardes (de luns a venres) no establecemento seleccionado facendo uso das súas instalacións durante unha media de 2 horas diarias.*

*Entendendo que este programa se vén realizando nos últimos anos no Concello de Cangas cunha participación e satisfacción importante entre os/as participantes.*

*Polo exposto, PROPÓN:*

*\* A solicitude de adhesión do Concello de Cangas ao programa 'Coidarte 2015' da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra por un total de 80 prazas, o que suporá unha aportación municipal ao mencionado programa de OITOCENTOS EUROS (800,00 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de servizos sociais, sanidade e muller, referente a solicitude de adhesión ao programa de balnearios diurnos "COIDARTE 2015" da Deputación Provincial de Pontevedra.

## **B) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA ILUMINACIÓN NA AVDA. DE VIGO**

Vista a proposta da Alcaldía do día 30.3.15, referente a adxudicación do contrato de subministración de material eléctrico para iluminación na Avda. de Vigo, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA ILUMINACIÓN NA AVDA. DE VIGO*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de subministración de material eléctrico para iluminación na Avda. de Vigo.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'IMESAPI, S.A.', con CIF nº A28010478, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu, relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo depositou na Tesourería municipal o xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (1.772,80 €) en forma seguro de caución.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'IMESAPI, S.A.', con CIF nº A28010478, o contrato de subministración de material eléctrico para iluminación na Avda. de Vigo, por importe de CORENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS UN EUROS CON*

*SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (42.901,76 €) (21% de IVE incluído) e un prazo de entrega de 29 días naturais.*

*Segundo.- Dispoñer en contía de CORENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS UN EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (42.901,76 €), o gasto que para este concello representa a mencionada contratación con cargo á aplicación 165.629 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.*

*Terceiro.- Notificar a 'IMESAPI, S.A.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

*Cuarto.- Nomear a Alfonso Sestay Martínez, empregado municipal da brigada de electricistas, responsable deste contrato, debendo supervisar o material subministrado e coordinar coa empresa adxudicataria a entrega deste.*

*Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía do día 30.3.15, referente a adxudicación do contrato de subministración de material eléctrico para iluminación na Avda. de Vigo.

### **C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO PROXECTO REDEFINIDO PARA A ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS-MARZO 2015**

proposta da Alcaldía do día 30.3.15

PROPOSTA

APROBACIÓN DO PROXECTO REDEFINIDO PARA A ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS-MARZO 2015

De conformidade co escrito da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería e Economía e Industria referente á solicitude formulada polo Concello ao amparo da Orde do 31 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no

marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, escrito de requerimento de deficiencias e entre elas que o proxecto solicitado inclúe investimentos de dúas tipoloxías diferentes, e incompatibles e que deberíamos redefinir o proxecto cunha única actuación.

Unha vez red ifinido o proxecto polos servizos técnicos municipais, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto redefinido para ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS-marzo 2015, redactado polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez, polo importe de 113.833,98 euros.

Segundo.- Solicitar axuda ao amparo da Orde citada para a execución do proxecto ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS-marzo 2015, segundo o seguinte desglose:

Denominación obra	Orzamento total con IVE	Subvención	solicitada	70%
Aportación municipal				
				30%
ADECUACION E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLCOS NO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS	113.833,98 €	79.683,78 €	34.150,20 €	6

Terceiro.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente, por acordo de Pleno de data 11 de xuño de 2011, D, José Enrique Sotelo Villar, para que asine solicitude de subvencións e cantos documentos sexan precisos para cumprimento da orde de solicitude.

Cuarto.- Remitir o presenta acordo á Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria, achegando a documentación que sinala o requirimento do día 13 de marzo de 2015 e rexistro de entrada no concello do día 19.3.15.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace



o presidente